



VERÁN XOVE 2024

RESUMO DO PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

NON SE ENVÍAN CORREOS COMUNICANDO O ESTADO DA PRAZA. Cada usuario/a é responsable de consultar o estado da mesma dentro dos prazos establecidos consultando a través do menú de NENOS/AS da Área Privada, e en cada neno/a consultar o ESTADO DA SOLICITUDE.

1. REXISTRO DE SOLICITUDES (do 25 de abril ao 12 de maio *todo o día)

A persoa responsable da solicitude, pai/nai/titor/titora, rexistrarse na web campamentos.xuventudevigo.org.

Unha vez realizado o rexistro asignarase un número de solicitude.

A continuación a persoa responsable da solicitude DEBERÁ entrar na mesma web no apartado [Área Privada](#) para incorporar un/unha ou máis fillos/as ou titorados/as para os/as que se solicita praza.

Para cada fillo/a ou titorado/a poderanse seleccionar un máximo de 3 quendas por orde de preferencia (só se mostrarán aquelas axustadas ao ano de nacemento).

No caso de que os/as irmáns queiran ir xuntos/as á mesma actividade deben solicitar as quendas pola mesma orde de preferencia.

Os datos de selección de quendas poderanse modificar ata que remate o prazo de inscrición, sendo válida unicamente a última modificación efectuada.

SEGUIMENTO DA SOLICITUDE

É responsabilidade da persoa solicitante comprobar o ESTADO DA SOLICITUDE de cada fillo/a, titorado/a ao longo do proceso, consultando na súa [Área Privada](#)

Os estados posibles son:

- SOLICITUDE REALIZADA (agardando adxudicación de praza ou sen praza dispoñible).
- PENDENTE DE FORMALIZACIÓN (unha vez adxudicada pero sen pechar o proceso de formalización da praza).
- PRAZA FORMALIZADA (unha vez adxudicada e formalizada a praza).
- BAIXA (por ter sido excluído, por renunciar, por non ter formalizado a praza ou por non ter atendido á corrección de erros).

Con antelación ao acto do sorteo publicárase o listado definitivo de solicitudes na [Área Privada](#) indicando número de solicitude e preferencias escollidas.

2. SORTEO

Terá lugar o día 14 de maio ás 11:00 h. Sortearase un número entre o total das solicitudes. Este número será o usado para a 1ª e 2ª adxudicación. Na sesión estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do mesmo.

O resultado do mesmo publicárase na web campamentos.xuventudevigo.org

3. ADXUDICACIÓN

As prazas na 1ª e 2ª adxudicación outórganse a partir do número resultante do sorteo (exemplo: se hai 1000 solicitudes e sae o número 888. Comezarán a adxudicarse as prazas dende o 888 ata o 1000 e logo continuarase do 1 ata o 887).

PRIMEIRA ADXUDICACIÓN (14 de maio)

Procederase do seguinte xeito:

- Para cada opción seleccionada, por orde de preferencia, comprobarase a dispoñibilidade de praza.
- En canto se atope unha opción con vacantes adxudicáraselle a praza non evaluando as opcións posteriores.

No caso de non haber vacantes o/a neno/a queda sen praza e o ESTADO DA SOLICITUDE seguirá visualizándose como SOLICITUDE REALIZADA.

Ao concluir o proceso de adxudicación será responsabilidade da persoa solicitante consultar o ESTADO DA SOLICITUDE de cada neno/a na súa [Área Privada](#) para proceder coa formalización no caso de que lle sexa asignada praza.

SEGUNDA ADXUDICACIÓN (3 de xuño)

Esta segunda adxudicación é **exclusivamente para as solicitudes que non obtiveron praza na 1ª adxudicación e participarán neste proceso de xeito automático.**

Unha vez finalice o prazo para formalizar as inscricións 1ª adxudicación publicárase na web o 31 de maio as quendas e número de prazas vacantes e permitirase volver a seleccionar quenda (esto é opcional).

O método para outorgar prazas será o mesmo que na primeira adxudicación, polo tanto **non haberá un novo sorteo** de número de corte.



Ao concluir o proceso de adxudicación **será responsabilidade da persoa solicitante** consultar o ESTADO DA SOLICITUDE de cada neno/a na súa [Área Privada](#) para proceder coa formalización no caso de que lle sexa asignada praza.

4. FORMALIZACIÓN DE PRAZA ADXUDICADA

Durante calquera adxudicación deberáse proceder do seguinte xeito para formalizar a praza:

- Nenos e nenas con campamento gratuíto adxudicado: A persoa solicitante **DEBERÁ FORMALIZAR** a praza no apartado **ESTADO DA SOLICITUDE** de cada neno/a na [Área Privada](#).
- Nenos e nenas con campamento de pago adxudicado: A persoa solicitante **DEBERÁ REALIZAR O PAGO** seguindo os pasos do apartado **ESTADO DA SOLICITUDE** de cada neno/a na [Área Privada](#).
- **Aos nenos e nenas que NON CUBRISEN o campo DNI/NIE no formulario de rexistro requiriráselles que acheguen copia do Libro de familia ou do DNI.**

Non se admitirá documentación por correo electrónico.

Prazo de formalización para a primeira adxudicación: do 14 ao 28 de maio.

Prazo de formalización para a segunda adxudicación: do 3 ao 11 de xuño.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

O/A pai/nai, titor/a é responsable de comprobar o estado da tramitación da súa praza en todo momento.

Só poderá haber un/unha pai/nai/titor/titora solicitante por rapaz/rapaza, sendo excluídos do proceso no caso de que haxa máis dunha solicitude para un mesmo rapaz ou rapaza.

Cada solicitante só poderá inscribir ás persoas menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar, equiparándose a súa situación á de persoas irmáns.

A praza adxudicada ou formalizada é intransferible.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario correspondente publicado na web campamentos.xuventudevigo.org.

Só no caso de que houberse vacantes despois da 1ª e 2ª adxudicación, tería lugar unha convocatoria extraordinaria que se publicaría na web

campamentos.xuventudevigo.org

Unha vez finalizadas as adxudicacións poderanse anotar como reservas nunha única actividade. As reservas só se procesarán no caso de que se produza algunha baixa.

Pode consultar a versión completa do procedemento no seguinte enlace:
[PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN](#)

EXCLUSIÓN DE SOLICITUDES

Son motivos de exclusión automática do procedemento de adxudicación definitivo de prazas:

- Renunciar á praza adxudicada a través da Área Privada da web.
- Non ter realizado o correspondente pagamento no prazo establecido, se a actividade así o require. Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior, agás causa grave e debidamente acreditada co correspondente xustificante médico (enfermidade, accidente...)
- Non presentar toda a documentación requirida ou non corrixir os erros no prazo sinalado.
- Falsear datos no formulario de rexistro.

DEVOLUCIÓN DA COTA DE INSCRICIÓN

Se, unha vez obtida a praza e realizado o pagamento correspondente, a/o menor non pode asistir ao campamento, só terá dereito á devolución da cantidade aboada no caso de que se xustifique documentalmente e polos seguintes motivos :

- Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegarse xustificante médico).
- Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dun familiar, falecemento ou outros (deberá achegar xustificación do motivo).

No caso de non prestación do servizo por causas non imputadas á persoa interesada ou anulación da actividade pola administración a solicitude de devolución da cota presentarase unha vez comunicadas as causas de non prestación do servizo e no prazo de 20 días naturais dende a comunicación e poderá presentarse por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP.



LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
22 Abril	23 Abril	24 Abril	25 Abril COMEZO INSCRICIÓNS	26 Abril	27 Abril	28 Abril
29 Abril	30 Abril	1 Maio	2 Maio	3 Maio	4 Maio	5 Maio
6 Maio	7 Maio	8 Maio	9 Maio	10 Maio	11 Maio	12 Maio FIN INSCRICIÓNS (ata as 23.59)
13 Maio	14 Maio SORTEO, 1ª ADXUDICACIÓN E APERTURA FORMALIZACIÓN PRAZAS	15 Maio	16 Maio	17 Maio	18 Maio	19 Maio
20 Maio	21 Maio	22 Maio	23 Maio	24 Maio	25 Maio	26 Maio
27 Maio	28 Maio FIN PRAZO FORMALIZACIÓN PRAZAS	29 Maio	30 Maio	31 Maio PUBLICACIÓN DE VACANTES E POSIBILIDADE CAMBIO CAMPAMENTOS ATA O 2 DE XUÑO (23.59)	1 Xuño	2 Xuño
3 Xuño 2ª ADXUDICACIÓN E APERTURA FORMALIZACIÓN PRAZAS	4 Xuño	5 Xuño	6 Xuño	7 Xuño	8 Xuño	9 Xuño
10 Xuño	11 Xuño FIN PRAZO FORMALIZACIÓN PRAZAS	12 Xuño	13 Xuño * No caso de que existan vacantes ao finalizar a segunda adxudicación, se publicará na web a información dunha adxudicación extraordinaria	14 Xuño	15 Xuño	16 Xuño